

LIBROS VIVINTES



Non son un mercenario

SUMMA
ÁGORA

Pasaba das oito e tiña que voltar cara a Coruña. Levaba semanas facendo a mesma viaxe e non conseguía atopar o momento axeitado para falalo abertamente na casa. Ter sido a ovella negra durante moitos anos, ou polo menos telo sentilo así, non axudaba a dar este paso. Precisaba manterme firme no meu camiño e superar moitos prexuízos arredor do futuro. Queríao contar tranquilamente, sen liortas e sentindo o apoio dos meus. Orgullo e dignidade eran dous termos que reflectían ben o momento vital no que estaba. Cando chegou o momento comecei así,

Quero que saibades que xa non son un mercenario

Pasaba das oito e tiña que voltar cara a Coruña. Levaba semanas facendo a mesma viaxe e non conseguía atopar o momento axeitado para falalo abertamente na casa. Ter sido a ovella negra durante moitos anos, ou polo menos telo sentilo así, non axudaba a dar este paso.

Precisaba manterme firme no meu camiño e superar moitos prexuízos arredor do futuro. Queríao contar tranquilamente, sen liortas e sentindo o apoio dos meus. Orgullo e dignidade eran dous termos que reflectían ben o momento vital no que estaba.

Cando chegou o momento comecei así,

- Quero que saibades que xa non son un mercenario

Máis ao norte de Cervo está Inglaterra. Así comezaba a avoa os relatos que compartiamos cada noite a carón da cociña de leña. Esa era a súa maneira de trazar no espazo a narración que ía vir. Onde estaba Inglaterra? De seguro máis alá do horreo, pero nunca llelo preguntei. Devecía por escoitar a aquela muller falar de cando os vikings invadiran a costa galega cunha grande frota, provocando o terror entre os habitantes destas terras. Sabía que a avoa poñíalle moita inventiva ás historias que me contaba, pero aqueles momentos facíanme soñar tanto como as lecturas roubadas no cuarto do meu irmán maior.



- Chegaron a Galicia duscenas naves ao mando de Gumersindo o Grande, curmá por parte de pai de Harald de Groenlandia...

Era unha narradora moi especial. No verán o pozo convertíase no escenario de cruentas batallas de piratas, e sempre había un momento para lembrar a truculenta historia da orixe do noso alcume.



- Alá polos tempos de Pepa a Loba... quizáis túa bisavoa ou tataravoa, aprendeu o oficio da agulla e convertéuse nunha recoñecida costureira en toda a comarca. Di o refraneiro que muller costureira e home troiteiro, nin boa meda, nin bo palleiro, pero contan que era unha fermosa moza solteira que percorría as casas coa máquina á cabeza ao servizo de quen precisara confeccionar algunha prenda.

Co paso do tempo e sendo muller solteira, concebíu dous fillos de pais diferentes, e foi así que comezou o murmuro polas aldeas. Dicían que andaba cos homes da casa e claro, o alcume da familia ou mal nome perpetuouse ate hoxe...

- E ti como viviches iso avoa?
- Dende moi nova pensei no inxusto do alcume. Por qué a muller ten que levar sempre ás costas o peso da decencia? Agora os tempos son outros e reivindico con orgullo as miñas orixes, que son tamén as túas.

Todos estes momentos rebordaban a miña cabeza despois de moitos anos sabendo que naquelas esencias estaba o que eu era. Terme criado nun ambiente rural, coa vaca arando a terra, coa vivencia calma do tempo e o sosego das colleitas, deulle forma ao que son. Hoxe son consciente que ser de aldea permitíume chegar a onde estou.

Recollín paseniñamente o cartafol de meu irmán, alí había espaxadas dúcias de imaxes de Viladesuso, do pozo da casa da costa, do horreo, da avoa... el gostaba tanto de

debuxar que non era estraño atopar moitos dos seus bosquejos por calquera recuncho da casa. Embazáronseme os ollos e gardei no peto os catro trazos que lle daban forma á imaxe do “panfa”.

“O Panfa”... ben merecía que alguén lembrara a súa vida, porque a del marcounos ben as nosas. A súa historia puidera ser a de Juan Manuel Montenegro, o protagonista da triloxía das Comedias Bárbaras de Valle Inclán. Pero o noso particular Cara de Plata era o transmisor dun cambio fonético na familia que nos convertía en orixinais tamén pola súa banda.

Tinguíuseme a cara cun sorriso ante este pensamento e retirei as chaves do coche que deixara a carón da fiestra. Pasaba das oito e tiña que voltar cara a Coruña. Levaba semanas facendo a mesma viaxe e non conseguía atopar o momento axeitado para falalo abertamente na casa. Ter sido a ovella negra durante moitos anos, ou polo menos telo sentilo así, non axudaba a dar este paso.

Precisaba manterme firme no meu camiño e superar moitos prexuízos arredor do futuro. Queríao contar tranquilamente, sen liortas e sentindo o apoio dos meus. Orgullo e dignidade eran dous termos que reflectían ben o momento vital no que estaba.

Cando chegou o momento comecei así,

- Quero que saibades que xa non son un mercenario

